

## PRESENTACIÓN

### *Pensar a comunicación desde Galicia e Portugal*

Das miradas actuais sobre as Ciencias da Comunicación, a do espazo da lusofonía ten trazos propios cunha identidade moi definida. A comunidade formada polos pobos de fala portuguesa, con Galicia como país ponte, cun pé no mundo lusófono e outro no mundo hispano, reflexionou nos últimos vinte anos sobre as principais cuestións do tecido comunicativo. E non só debateu, analizou e propuxo, senón que fixo achegas que contribuíron ao avance científico. Na bibliografía mundial sobre Comunicación encontramos hoxe lúcidas achegas de investigadores portugueses, brasileiros, galegos... A Federação Lusófona de Ciencias da Comunicação (LUSOCOM) é unha feliz realidade e varios autores que traballan en Brasil, Portugal ou Galicia aparecen entre os principais estudosos do mundo.

Os datos dos últimos anos indican con claridade que os investigadores en comunicación do ámbito lusófono multiplican a súa produción científica. Unha mirada ao camiño percorrido subliña que máis de dúas décadas despois da implantación dos estudos desta área das Ciencias Sociais na Universidade comeza a dar froitos. Tanto en Portugal, onde está próximo o vintecinco aniversario da incorporación do Curso de Comunicación Social na Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa (curso 1978-1979), como en Galicia, onde xa se vai cumprir o undécimo aniversario da implantación dos estudos de xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de

Santiago de Compostela (curso 1991-1992), hai achegas que merecen a cualificación de boas e moi boas.

Durante moitos anos, as relacións entre galegos e portugueses do mundo da Comunicación -industria, academia, profesión...- brillaron pola súa escaseza. Pouco a pouco a situación mudou con iniciativas conxuntas. Estas experiencias propiciaron encontros profesionais e académicos que resultaron moi frutíferos. Neste contexto, temos que situar o Primeiro Congreso Luso-Galego de Estudos Xornalísticos, que quixo contribuír a un mellor coñecemento entre as comunidades científicas galegas e portuguesas que traballan no campo do xornalismo e da cultura. Foi esta unha cita con moita participación e moitas contribucións de investigadores galegos e portugueses. De xeito especial, debemos destacar o empeño e o traballo do profesor Jorge Pedro Sousa, que coordinou a organización desde Portugal e fixo todo o posíbel pola súa parte para que o evento saíse ben.

As cada vez máis intensas relacións entre o mundo universitario portugués e galego, aínda que non son tan sólidas como sería desexábel, permiten avanzar con identidade e mostran que estamos diante dun proxecto de futuro e con futuro no escenario mundial da Comunicación. É por iso que estas xornadas terán continuidade con citas periódicas en Galicia e Portugal para facer realidade un dos obxectivos do Consello da Cultura Galega que asume como prioritario a Sección de Comunicación: aumentar as relacións co mundo da comunicación e a cultura de Portugal.

A cooperación entre Galicia e Portugal no campo da comunicación só pode resultar beneficiosa para as dúas partes. Hai moitos desafíos e tarefas que realizar. E a Sección de Comunicación do Consello da Cultura quere favorecer esa cooperación e esas accións concretas que permitan acometer os retos que deben afrontar os dous países no eido da comunicación. A Comunicación e a Cultura tamén hai que pensalas e repensalas desde a lusofonía, un proxecto común no que Galicia e Portugal teñen moito que dicir.

*Xosé López*

Coordinador da Sección de Comunicación